

COMISIÓN INFORMATIVA DE TRANSPARENCIA E ADMINISTRACIÓN PROVINCIAL

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **14 de febreiro de 2018**

ASISTENTES:

PRESIDENTE: D. Jorge Pumar Tesouro DEPUTADOS/AS: D. ^a Montserrat Lama Novoa D. ^a Consuelo Vispo Seara D. Plácido Álvarez Dobaño D. Miguel A. Cid Álvarez D. ^a María Teresa Cerdeira Valiñas D. ^a Isabel Gil Álvarez D. José Ignacio Gómez Pérez D. Adolfo González Nóvoa D. Armando Ojea Bouzo D. Ramiro Rodríguez Suárez SECRETARIO: D. Francisco Cacharro Gosende INTERVENTOR: D. José Mosquera Casero	No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o 14 de febreiro de 2018 , ás 17.00 horas, baixo a presidencia de don Jorge Pumar Tesouro e con asistencia dos señores/as á marxe relacionados, réunese a expresada comisión informativa, co fin de proceder á preparación e estudo dos asuntos que se indican, adoptándose os seguintes ditames:
--	---

1º.- ACTA ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 17 DE XANEIRO DE 2018.- En relación coa acta da reunión anterior, correspondente á ordinaria do día 17 de xaneiro de 2018, non se formulan observacións quedando aprobada por unanimidade.

2º.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR EN APOIO E DEFENSA DA PRISIÓN PERMANENTE REVISABLE.-

O presidente da comisión dá conta do contido da moción presentada.

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (6), o voto en contra do BNG (1) e a abstención do Grupo Socialista (3) e de Democracia Ourensana (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Apoiar a figura da prisión permanente revisable incorporada ao ordenamento xurídico español pola Lei orgánica 1/2015, do 30 de marzo, pola que se modifica a Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código Penal.

2º.- Instar aos diferentes grupos parlamentarios con representación no Congreso dos Deputados a que reconsideren a súa postura sobre a derogación da prisión permanente revisable.

3º.- Darlles traslado destes acordos ao ministro de Xustiza, aos grupos políticos do Congreso, Senado e á Xunta de Goberno da FEMP.

3º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentan.

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG, di que se lle deu resposta a unha pregunta que formulou na comisión informativa anterior respecto da venda de merchandising na exposición In Tempore Sueborum e que se lle contestou que a dita venda a realizaba unha empresa externa contratada pola Deputación. Pide que se lle aclaren as condicións nas que se lle adxudicou a esa empresa a prestación deste servizo.

O **presidente da comisión** di que esa pregunta non se formulou nesta comisión e de debeu formularse noutra comisión informativa ou no Pleno. En todo caso, manifesta que se lle contestará por escrito ao que agora pregunta.

E, ás 17.03 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta, que asinan o presidente e o secretario. Certifico.